

## NOME DA ACTIVIDADE

### ➤ Entrevista de traballo

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Imos traballar unha situación real: unha entrevista de traballo.

Cada un de vós debe realizar o papel que lle vai asignar o docente para unha entrevista de traballo na entrevista que L. Couto lle fai a D. Pena.

## MATERIAIS PARA A FICHA

### Guión da persoa entrevistadora

L. Couto: Saúdao, infórmao de que é o director e pregúntalle se é D. Pena.  
[esténdelle a man para saudalo]

D. Pena:

L. Couto: Pídelle por favor que vaian ao seu despacho. [chegan ao despacho do señor Couto]

L. Couto: Pregúntalle o ano de remate da carreira.

D. Pena:

L. Couto: Pregúntalle se traballou en algo relacionado coa súa titulación.

D. Pena:

L. Couto: Fai unha referencia a que é da Pobra de Brollón. A continuación dille que no currículo figura que foi relator en varias conferencias, e pregúntalle sobre que trataban

D. Pena:

L. Couto: Pregúntalle se domina a linguaxe especializada...

D. Pena:

L. Couto: Quere saber se estivo algunha vez en Italia.

D. Pena:

L. Couto: Faille preguntas arredor da empresa e da súa actividade.

D. Pena:

L. Couto: Pregúntalle polas súas preferencias á hora de traballar na empresa:

individualmente, en equipo....

D. Pena:

L. Couto: Pregúntalle se ten predisposición á mobilidade xeográfica e a viaxar con frecuencia.

D. Pena:

L. Couto: Finalmente pregúntalle como soubo do posto de traballo.

D. Pena:

L. Couto: Dálle as grazas por vir e dille que no prazo dunha semana recibirá noticias da empresa tanto para ben como para mal.

D. Pena:

### **Guión da persoa entrevistada**

Vai a unha entrevista de traballo para cubrir o posto dun tradutor galego-italiano.

Debe agradar ao entrevistador e demostrar dotes para o traballo

#### **Datos sobre D. Pena:**

- Rematou a carreira en 2004.
- Estudou en Italia.
- Ten experiencia en traballos do seu ámbito.

#### **Os datos que ten da empresa son:**

- Que é unha empresa dunha envergadura considerable.
- Que ten catro sucursais en Galicia ademais desa.
- Que se dedica, fundamentalmente, a darlles servizos e apoio informático ás grandes empresas.
- Que tamén realizan traballos de deseño.
- Que ten referencias deles por unha publicación técnica de **telemedicina que o deixou impresionado.**

### **Apoios lingüísticos:**

**Saúdos:**

- Bo día.
- Boa tarde.
- Ola, son\_\_\_\_\_

**Argumentacións:**

Creo que son a persoa máis indicada para ese posto porque\_\_\_\_\_

Levo anos preparándome para\_\_\_\_\_

Teño moitos coñecementos sobre\_\_\_\_\_

A miña experiencia en\_\_\_\_\_ avala os meus coñecementos sobre\_\_\_\_\_

**Despedidas:**

- Moitas grazas polo seu tempo.
- Grazas por me recibir.
- Grazas, espero noticias súas.